

LINGUA E LITERATURA 1º DA ESO

1ª AVALIACIÓN

UNIDADE 1

OBXECTIVOS MÍNIMOS

- Ler con fluidez e comprendendo o escrito.
- Saber verbalizar as lembranzas.
- Recoñecer os elementos propios das notas informativas e dos avisos.
- Percibir os elementos dun proceso comunicativo.
- Ser consciente da importancia de redactar ben un texto.
- Coñecer e empregar frases feitas.
- Coñecer a situación das linguas no mundo.
- Participar activamente en debates.
- Respetar a opinión dos compañeiros.
- Amosar interese polo feito literario.

CONTIDOS MÍNIMOS

- Diario blog, notas e avisos.
- O texto e as súas propiedades. A adecuación. A conversa.
- A comunicación.
- O material escolar.
- A lingua galega e a diversidade lingüística no mundo.
- Que é a literatura?
- Distintos soportes. A biblioteca.

CRITERIOS AVALIACIÓN

- Le con fluidez e comprendendo o escrito.
- Sabe verbalizar as lembranzas.
- Sabe extraer as ideas principais dun texto.
- Recoñece os elementos propios das notas informativas e dos avisos. Redacta este tipo de textos.
- Percibe os elementos dun proceso comunicativo.
- É consciente da importancia de redactar ben un texto.
- Crea textos que reúnan as propiedades textuais axeitadas.
- Coñece e emprega frases feitas.
- Coñece e valora a situación das linguas no mundo.
- Participa activamente en debates e respecta a opinión dos compañeiros.
- Reflexiona sobre os textos e a creación literaria.
- Utiliza axeitadamente as TIC.
- Amosa interese polo feito literario.

UNIDADE 2

OBXECTIVOS MÍNIMOS

- Saber verbalizar as impresións sobre a vida no rural ou na costa.
- Saber que é un resumo e un esquema e valora a súa importancia.
- Coñecer o concepto palabra, frase e oración.
- Coñecer os diferentes graos de parentesco.
- Saber o que é unha lingua minoritaria e outra maioritaria.
- Valorar o acto literario.
- Coñecer o concepto canon.
- Amosar interese polo feito literario.

CONTIDOS MÍNIMOS

- O esquema e o resumo.
- A palabra, a frase e a oración.
- Discusión familiar.
- Comunicación non verbal na oralidade.
- Relacións familiares.
- A lingua galega e outras linguas minorizadas en Europa.
- Crítica literaria. Canon literario.

CRITERIOS AVALIACIÓN

- Sabe verbalizar as impresións sobre a vida no rural ou na costa.
- Sabe extraer as ideas principais dun texto.
- Sabe o que é un resumo e un esquema e elabóraos partindo dun texto.
- Coñece o concepto palabra, frase e oración.
- Coñece os diferentes graos de parentesco.
- Expresa verbalmente a opinión sobre un tema dado
- Sabe o que é unha lingua minoritaria e outra maioritaria.
- Valora o acto literario.
- Coñece o concepto canon e sabe que é a crítica literaria.

UNIDADE 3

OBXECTIVOS MÍNIMOS

- Coñecer os elementos do proceso comunicativo.
- Saber o que é un correo electrónico.
- Saber o que é a cohesión.
- Coñecer as regras fundamentais da acentuación en galego.
- Identificar os elementos propios dunha conversa.
- Saber que linguas se falan no Estado español.
- Coñecer o concepto LIX.
- Amosar interese polo feito literario.

CONTIDOS MÍNIMOS

- Comunicación e novas tecnoloxías
- A deíxe .
- A acentuación
- A conversa telefónica
- A vivenda
- Valoracións e emocións
- A lingua galega e a diversidade lingüística no Estado español
- A LIX. Grandes autores galegos e universais

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Coñece os elementos do proceso comunicativo.
- Sabe o que é un correo electrónico e redáctao
- Reflexiona sobre o papel das TIC e as redes sociais.
- Sabe o que é a cohesión.
- Coñece e emprega as regras fundamentais da acentuación en galego.
- Redacta un texto empregando a deíxe.
- Identifica os elementos propios dunha conversa.
- Sabe realizar unha conversa empregando as diferentes características
- Sabe que linguas se falan no Estado español.
- Coñece o concepto LIX.
- Identifica obras e autores da LIX galega.

UNIDADE 4

OBXECTIVOS MÍNIMOS

- Ser quen de redactar unha receita.
- Saber o que é un texto instrutivo.
- Coñecer o concepto de coherencia textual.
- Ser consciente da acentuación diacrítica.
- Coñecer os elementos básicos da dieta galega.
- Ser consciente da proximidade entre o galego e o portugués.
- Saber o que é un xénero literario.
- Amosar interese polo feito literario.

CONTIDOS MÍNIMOS

- O texto instrutivo. As instrucións
- A coherencia
- A acentuación diacrítica
- As vogais galegas
- Os alimentos: beber e comer
- A lingua galega e a lingua portuguesa
- Os xéneros literarios

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Sabe o que é un texto instrutivo e é capaz de redactalo seguindo as súas características.
- Coñece o concepto de coherencia textual e redacta un texto procurando mantela.
- Coñece os diferentes casos de acentuación diacrítica.
- Coñece os elementos básicos da dieta galega.
- Reflexiona e verbaliza os temas propostos.
- É consciente da proximidade entre o galego e o portugués e coñece o concepto lusofonía.
- Sabe o que é un xénero literario.
- Coñece os tres tipos de xéneros e defíneos brevemente.

LINGUA E LITERATURA 2º ESO

1ª AVALIACIÓN

UNIDADE 1

OBXECTIVOS MÍNIMOS

- Entender o sentido do texto.
- Ser consciente do que supuxo a emigración para a sociedade galega.
- Definir o concepto *carta* e as súas partes e saber o que é unha solicitude e definila.
- Asimilar vocabulario novo.
- Recoñecer as diferenzas entre os elementos máis importantes da comunicación verbal e non verbal.
- Comprender o significado de mensaxes elaboradas con elementos da comunicación non verbal.
- Coñecer as posibilidades comunicativas que existen entre o galego e o portugués.
- Comprender o vocabulario e a fraseoloxía relacionados co tema.
- Reflexionar sobre a realidade plurilingüe mundial. Ser consciente da riqueza lingüística existente.
- Sensibilizarse coas linguas ameazadas.
- Comprender que é a literatura e que papel xoga para o individuo e a sociedade.
- Achegarse á biblioteca como espazo de vivencia da literatura e a cultura.

CONTIDOS MÍNIMOS:

- A carta formal e informal
- A emigración galega.
- A solicitude. O correo electrónico
- Ser consciente da diversidade lingüística.
- O concepto *registro lingüístico*. As formas de tratamento. Os rexistros lingüísticos.
- A comunicación verbal na oralidade. A comunicación non verbal. Elementos.
- As calidades do son.
- Fraseoloxía relacionada coa comunicación non verbal.
- O plurilingüismo. A situación diferente das linguas no mundo. As linguas ameazadas (a lingua galega)
- A literatura: concepto e funcións.
- As bibliotecas convencionais e virtuais.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Entende o texto sen dificultade.
- É consciente do que supuxo a emigración para a sociedade galega.
- Asimila novo vocabulario.
- Sintetiza o contido do texto.
- Sabe redactar unha carta. Diferencia a carta formal, a informal e a solicitude e sabe o que é.
- Coñece manifestacións artísticas novas.
- É consciente da diversidade lingüística.
- Define as características da lingua oral e mais da escrita.
- Coñece o concepto *registro lingüístico*. Define o concepto *forma de tratamento*. Diferencia e explica as características dos rexistros formal e informal a través de exemplos.
- Recoñece as diferenzas entre os elementos máis importantes da comunicación verbal e non verbal.
- Coñece as posibilidades comunicativas que existen entre o galego e o portugués.
- Comprende e emprega o vocabulario e a fraseoloxía relacionados co tema.
- Reflexiona sobre a realidade plurilingüe mundial. É consciente da riqueza lingüística existente.
- Valora a lingua galega como unha lingua ameazada e entende as consecuencias desta situación.
- Sabe distinguir entre un texto literario e un texto non literario.
- Avisa unha actitude aberta e creativa cara á produción de textos literarios.
- Valora o papel cultural e social das bibliotecas tradicionais e a importancia das virtuais e dos recursos que poñen ao seu alcance.

UNIDADE 2

OBXECTIVOS MÍNIMOS

- Saber o que é un chat e ser capaz de reflexionar sobre os usos lingüísticos nos chats e nas redes sociais.
- Saber definir o concepto *diario*.
- Recoñecer a importancia dos blogs e valorar a importancia e os perigos das redes sociais na actualidade.
- Ser consciente da importancia da cohesión lingüística e coñecer o concepto *cohesión*.
- Definir o concepto *nexo* ou *conectador textual* e a súa funcionalidade.
- Recoñecer os tipos de textos orais máis recorrentes no ámbito académico.
- Distinguir o que é información do que é opinión.
- Entender a diferenza entre linguas maioritarias e minoritarias e reflexionar sobre a situación das minorizadas.
- Valorar todas as linguas por igual.
- Comprender que é a literatura e que papel xoga para o individuo e a sociedade.
- Distinguir un texto literario doutro non literario polas súas características e finalidades.
- Apreciar as achegas da arte en xeral e a literatura en particular ao individuo e á sociedade.

CONTIDOS MÍNIMOS:

- Redes sociais. Os usos lingüísticos nas redes sociais.
- Obras literarias, cinematográficas e musicais relacionadas co medo e co terror.
- O diario. O blog e fotolog.
- A cohesión. Nexos e conectadores textuais.
- Os textos orais no ámbito académico.
- O diálogo planificado. Características.
- Léxico do ensino.
- Linguas maioritarias e minoritarias. Linguas minorizadas e situación. Valor e respecto cara a todas as linguas.
- A literatura: características.
- O uso literario da lingua: o estilo e os recursos estilísticos.
- A literatura como ficción.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Sabe o que é un chat e é quen de reflexionar sobre a lingua nos chats e nas redes sociais.
- Diferencia usos lingüísticos distintos en rexistros lingüísticos variados.
- Recoñece a importancia dos blogs e consulta algún, valora a importancia e os perigos das redes sociais.
- É consciente da importancia da cohesión lingüística e explica as súas características.
- Coñece o concepto *cohesión* e define o concepto *nexo* ou *conectador textual* e a súa funcionalidade.
- Caracteriza os diferentes nexos ou conectadores textuais.
- Distingue o que é información do que é opinión.
- Exprésase oralmente para elaborar textos de carácter expositivo e argumentativo.
- Entende a diferenza entre linguas maioritarias e minoritarias e reflexiona sobre a situación das minorizadas.
- Valora e xustifica todas as linguas por igual.
- Sabe distinguir un texto literario doutro non literario.
- Identifica nun texto literario as características formais e os desvíos fronte á lingua cotiá.

UNIDADE 3

OBXECTIVOS MÍNIMOS

- Ser capaz de recoñecer unha noticia xornalística e saber definir o concepto *noticia*.
- Recoñecer a importancia que teñen hoxe os medios de comunicación.
- Coñecer a existencia do diario dixital.
- Saber consultar o xornal e as súas seccións.
- Ser consciente da importancia da cohesión lingüística e coñecer as ferramentas que cohesionan un texto.
- Definir o concepto *palabra chave*.
- Coñecer o concepto *hiperonimia* e *hiponimia*.
- Comprender novas de actualidade dos medios de comunicación audiovisual.
- Distinguir as partes do proceso de elaboración dunha noticia oral.
- Analizar táboas sobre os usos das linguas en Galicia.
- Entender os conceptos *lingua habitual*, *lingua inicial* e *competencia lingüística*
- Coñecer e identificar os principais xéneros literarios.
- Coñecer a significación de cada un dos xéneros para a literatura galega.

CONTIDOS MÍNIMOS:

- Os medios de comunicación: a noticia.
- A República e o papel que as mulleres tiveron na súa defensa.
- Obras literarias, cinematográficas e musicais relacionadas con mulleres republicanas.
- Ferramentas de cohesión.
- A lingua oral nos medios de comunicación.
- O marco legal e político da lingua galega. A situación da lingua galega nos diferentes ámbitos de uso e como lingua inicial e habitual.
- Os xéneros literarios: características da poesía, a narrativa e o teatro.
- A importancia da poesía na literatura galega: esplendor medieval, autores do Rexurdimento, vitalidade actual.
- A narrativa na literatura galega: importancia do conto tradicional e de autor; o desenvolvemento da novela.
- O teatro en Galicia: Centro Dramático Galego e compañías independentes.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Sabe o que é unha noticia xornalística, recoñece as partes básicas dunha noticia e sabe definila.
- Valora o papel das mulleres na República.
- Recoñece e valora a importancia que teñen hoxe os medios de comunicación.
- Distingue as diferentes partes dunha noticia e redacta unha noticia respectando os 6w.
- É consciente da importancia da cohesión lingüística e coñece as ferramentas cohesionan un texto.
- Define o concepto *palabra chave*.
- Coñece o concepto *hiperonimia* e *hiponimia*.
- Diferencia e explica as características da *deíxe*, *paráfrase*, *sinonimia*, *hiperonimia* e *elipse*.
- Defende argumentos a favor e en contra de temas propostos.
- Identifica encontros vocálicos e segmenta na escrita as palabras que se escoitan unidas na fala.
- Analiza táboas sobre os usos das linguas en Galicia.
- Entende os conceptos *lingua habitual*, *lingua inicial* e *competencia lingüística*.
- Describe axeitadamente a situación do galego como lingua inicial e como lingua habitual.
- Sabe distinguir un texto poético, narrativo e teatral.
- Identifica nun texto literario as características formais propias do xénero ao que pertence.
- Coñece o papel que cada xénero literario tivo e ten na literatura galega.

UNIDADE 4

OBXECTIVOS MÍNIMOS

- Ser consciente da importancia do patrimonio cultural, sexa este do tipo que sexa.
- Saber definir crónica e reportaxe e indicar sobre un texto as súas características.
- Describir o concepto *ortografía* e recoñecela como algo que se debe atinxir para progresar socialmente.
- Coñecer as regras ortográficas máis sinxelas.
- Distinguir a nasal velar da alveolar.
- Identificar frases feitas nun contexto e comprender o seu significado.
- Analizar a valoración que se fixo da lingua galega ao longo dos séculos.
- Coñecer as actitudes negativas cara a algunhas linguas e entender os prexuízos que condicionan o uso da lingua galega.
- Saber que hai textos literarios pensados e escritos para as lectoras e lectores infantís e xuvenís.
- Coñecer as principais características da LIX.
- Gozar da literatura e dos textos dirixidos a rapaces.

CONTIDOS MÍNIMOS:

- Os medios de comunicación: a reportaxe e a crónica.
- A significación do patrimonio cultural.
- Obras literarias, cinematográficas e musicais relacionadas con mulleres republicanas.
- Gramaticalidade: a ortografía e a súa función social.
- Léxico da economía e o traballo.
- A valoración da lingua galega ao longo dos séculos e os usos lingüísticos condicionados por prexuízos.
- A literatura infantil e xuvenil: características.
- O papel da LIX na literatura galega actual.
- Algúns autores galegos de LIX.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Sabe definir crónica e reportaxe e indica sobre un texto as súas características.
- Coñece o valor do patrimonio cultural.
- Describe o concepto *ortografía* e recoñece a ortografía como algo que se debe atinxir para progresar socialmente.
- Coñece as regras ortográficas máis sinxelas e considera a ortografía como un recurso gramatical.
- Distingue, reflexiona e produce a nasal velar e a nasal alveolar.
- Identifica frases feitas nun contexto e comprende o seu significado.
- Analiza a valoración que se fixo da lingua galega ao longo dos séculos.
- Coñece as actitudes negativas existentes cara a determinadas linguas.
- Expón a evolución histórica da lingua galega ao longo dos séculos.
- Describe como os prexuízos condicionan o uso da lingua galega.
- Identifica, nun texto de LIX, as características formais e os desvíos fronte á lingua cotiá propios do texto literario.

Ferramentas de avaliación

Se atendemos ao espírito da norma debemos recoñecer a avaliación como instrumento de medir o grao de consecución dos obxectivos propostos, e a adecuación da metodoloxía empregada no proceso de aprendizaxe. Con esta intención tentamos recoller e valorar todos os contidos desenvolto (conceptuais, procedementais e actitudinais).

Así obteremos a nota de avaliación:

Ata un 50% por resolución de exames. Probas que demostrarán a asimilación de conceptos e a aplicación destes na resolución de situacións propostas. Para que se poida optar ao aprobado final ou parcial a nota deste apartado non deberá ser inferior nunca a un 3'5 sobre 10 puntos.

Ata un 25% por exercicios da clase, lecturas, traballos individuais e grupais, ... , resolución de procedementos aplicados na aprendizaxe.

Ata un 25% no control e capacidade oral. Neste apartado avalíase a capacidade lingüística: incorporación de léxico, autonomía oral, modulación, ... e actitude oral: interese por incorporar o dominio lingüístico a todos os actos de comunicación na aula.

Tratamento da avaliación continua:

1ºESO e 2ºESO: non hai recuperacións parciais, trimestre a trimestre. A progresión e a solución das dificultades obsérvase nas melloras acadadas en avaliacións posteriores. Aqueles alumnos que non consigan o aprobado na terceira avaliación, pero teñan algunha previa superada, optarán a un exame global antes da nota final ordinaria. Pola contra, aqueles que non aproben ningunha das tres avaliacións non terán esa opción, e quedaralle a materia pendente para setembro.